

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0858	Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas	2023/2024	10	210	210
MP0858_13	Deseño, enceramento e estruturas metálicas	2023/2024	10	147	147
MP0858_23	Soldaduras e próteses mixtas	2023/2024	10	30	30
MP0858_33	Montaxe de dentes e acrílicos	2023/2024	10	33	33

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL NÚÑEZ TORRÓN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este modulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de deseñar, fabricar e reparar restauracións e estruturas metálicas en próteses fixas e implantosoportadas, segundo prescrición e indicacións facultativas, así como efectuar o reaxuste necesario para o seu acabado realizando as operacións e respectando a normativa de seguridade e protección ambiental, así como as especificacións de calidade

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Interpretación da prescrición facultativa.
- Obtención de modelos .
- Recoñecemento do traballo a realizar.
- Preparación do equipamento, o material e o instrumental para a elaboración do produto.
- Aplicación de técnicas de fabricación do produto prescrito.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplicanse en:

- Laboratorio de Protese dental
- Industrias dentais ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na Industria dental.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Realiza a modelaxe en cera, para o que interpreta as técnicas de traballo.		47	35
2	Elabora a base metálica por coada a cera perdida, tendo en conta a relación entre a técnica específica e a aliaxe utilizada.		100	30
3	Solda elementos metálicos, para o que selecciona as técnicas de soldaxe.		15	5
4	Incorpora compoñentes de próteses mixtas ou retentores forxados á estrutura, seleccionando os medios de suxeición		15	5
5	Monta pezas dentarias sobre bases metálicas, con interpretación dos requisitos técnicos		18	15

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
6	Polimeriza os elementos de resina sobre as estruturas metálicas, con interpretación de procedementos técnicos		15	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Realiza a modelaxe en cera, para o que interpreta as técnicas de traballo.	47

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza o modelado en cera, para o que interpreta as técnicas de traballo.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse características do modelo no paralelómetro.
CA1.2 Determinouse o eixe de inserción da prótese.
CA1.3 Deseñáronse os elementos retentivos, recíprocos e estabilizadores, e os conectadores maiores e menores.
CA1.4 Aliviouse o modelo mestre.
CA1.5 Reproduciuse o modelo mestre en revestimento.
CA1.6 Modelouse en cera a base, os conectadores e os retentores.
CA1.7 Confeccionáronse os conectadores menores.

Criterios de avaliación

CA1.8 Incorporouse o número de bebedoiros do calibre e da lonxitude apropiados á estrutura deseñada.

CA1.9 Deseñáronse e elaboráronse próteses parciais removibles metálicas e próteses mixtas mediante programas de deseño asistido por computador.

CA1.10 Realizouse o proceso con precisión, orde e método.

4.1.e) Contidos
Contidos

Clasificación das denticións parciais.

Transferencia do deseño.

Enceramento.

Deseño asistido por computador.

Colocación dos bebedoiros.

Compoñentes que integran unha prótese parcial removible metálica.

Consideracións biomecánicas das próteses parciais removibles metálicas.

Factores determinantes no deseño dunha prótese parcial removible metálica.

Procedementos para o deseño de próteses parciais.

Paralélometro.

Paralelización de modelos.

Bloqueo, alivio e marcaxe do modelo.

Duplicación de modelos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Elabora a base metálica por coada a cera perdida, tendo en conta a relación entre a técnica específica e a aliaxe utilizada.	100

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora a base metálica por coada a cera perdida, tendo en conta a relación entre a técnica específica e a aliaxe utilizada.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os tipos de aliaxes e revestimentos.
CA2.2 Determináronse as proporcións e o tempo de fraguado do revestimento.
CA2.3 Realízouse o proceso de inclusión en revestimento.
CA2.4 Programouse o forno de prequentamento e o depurador de fumes.
CA2.5 Fundiuse a aliaxe metálica seguindo protocolos de tempo e de temperatura.
CA2.6 Utilizouse maquinaria de coada.
CA2.7 Cortáronse os bebedoiros e chorráronse con area as superficies metálicas.
CA2.8 Repasouse a superficie do metal e aplicouse o baño electrolítico.
CA2.9 Púíuse e abrillantou a superficie metálica.
CA2.10 Xustificouse a aplicación de protocolos de prevención de riscos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Revestimento e colocación en cilindro.
Quentamento do cilindro.

Contidos
Aliaxes metálicas utilizadas en prótese parcial removible metálica. Sistemas de coada. Recuperación, areamento e decapaxe da coada. Desbastadura, puimento e abrillantamento da estrutura. Probas e axuste da estrutura metálica ao modelo mestre.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Solda elementos metálicos, para o que selecciona as técnicas de soldaxe.	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Solda elementos metálicos, para o que selecciona as técnicas de soldaxe.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Seleccionouse o tipo de soldadura para cada aliaxe.
CA1.2 Delimitouse a área de soldadura para garantir a resistencia.
CA1.3 Preparouse e desengraxouse a área que se vaia soldar mediante chorreamento con óxido de aluminio.
CA1.4 Realizáronse modelos de revestimento para unir as partes que se vaian soldar.
CA1.5 Procedeuse a realizar a soldadura por medio de soprete ou doutro tipo de maquinaria.
CA1.6 Recortouse o exceso de material.

Criterios de avaliación
CA1.7 Repasouse e puíuse a superficie.
CA1.8 Utilizáronse equipamentos de protección para soldadura.

4.3.e) Contidos

Contidos
Aliaxes.
Soldadura: área, resistencia, técnicas e criterios de calidade.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Incorpora compoñentes de próteses mixtas ou retentores forxados á estrutura, seleccionando os medios de suxeición	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Incorpora compoñentes de próteses mixtas ou retentores forxados á estrutura, seleccionando os medios de suxeición.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionáronse os elementos secundarios das ancoraxes.
CA2.2 Confeccionouse a estrutura.
CA2.3 Incorporáronse as ancoraxes á estrutura.

Criterios de avaliación
CA2.4 Comprobouse a posición mediante o paralelómetro.
CA2.5 Confeccionáronse modelos de revestimento para unir as partes que cumpra soldar.
CA2.6 Confeccionáronse retentores mediante arame forxado.
CA2.7 Confeccionáronse retentores mediante coada ou por sistemas de inxección.
CA2.8 Soldáronse e fixéronse os elementos secundarios á estrutura metálica.

4.4.e) Contidos

Contidos
Clasificación de ancoraxes utilizadas en próteses mixtas. Tipos de estruturas. Elementos que compoñen unha ancoraxe. Colocación do elemento secundario das ancoraxes, mediante paralelómetro, para o unir á estrutura metálica. Paralelización e procura do eixe de inserción correcto para confeccionar retentores de arame forxado. Confección de retentores de arame forxado con arames de distintos calibres. Unión de diversos tipos de retentores mediante soldadura ou outras técnicas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Monta pezas dentarias sobre bases metálicas, con interpretación dos requisitos técnicos	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta pezas dentarias sobre bases metálicas, con interpretación dos requisitos técnicos.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Seleccionáronse as pezas dentarias.
CA1.2 Montáronse os modelos en articulador.
CA1.3 Articuláronse os dentes sobre a estrutura metálica.
CA1.4 Comprobouse que se cumpran os principios da oclusión.
CA1.5 Realizouse unha montaxe atendendo a criterios estético-funcionais.
CA1.6 Confeccionouse a retención da peza dentaria.
CA1.7 Modeláronse en cera as bases de zonas edéntulas.
CA1.8 Realizouse o proceso con precisión, orde e método.

4.5.e) Contidos

Contidos
Selección de dentes artificiais. Oclusión en próteses parciais removibles. Montaxe de dentes e modelaxe das bases. Técnicas de colocación de resina e a súa polimerización.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Polimeriza os elementos de resina sobre as estruturas metálicas, con interpretación de procedementos técnicos	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Polimeriza os elementos de resina sobre as estruturas metálicas, con interpretación de procedementos técnicos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Confeccionáronse frontes de silicona ou escaiola para reproducir as bases de cera e suxeitar os dentes protésicos.
CA2.2 Acondicionáronse as pezas dentarias e eliminouse a cera.
CA2.3 Vernizouse a superficie do modelo.
CA2.4 Preparouse a mestura de acrílico autopolimerizable.
CA2.5 Enchéronse coa técnica de vertido as frontes de silicona.
CA2.6 Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.
CA2.7 Puíuse e abrillantouse a prótese con instrumentos e maquinarias adecuados.
CA2.8 Remontáronse as próteses no articulador e revisouse a oclusión.
CA2.9 Aplicouse a lexislación no tratamento de residuos e protección ambiental.

4.6.e) Contidos

Contidos
Resina e a súa polimerización.
Técnicas de colocación.
Carga e polimerización da resina, seguindo as instrucións e as normas de fábrica.

Contidos

Remontaxe en articulador e reaxuste da oclusión.

Repaso e pimento da prótese dental para alcanzar unha textura superficial lisa e brillante.

Remontaxe da prótese e revisión da oclusión.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos e a dinámica deste módulo necesitan unha constante supervisión por parte do profesor, o que facilita a avaliación continua. E farase ao longo do proceso educativo, proporcionando unha continua retroalimentación sobre o desenvolvemento do traballo que permitirá a revisión e as modificacións oportunas do mesmo.

As avaliacións durante o curso e a final faranse tendo en conta varios parámetros: traballos feitos na clase, rendemento nas probas, participación, asistencia e actitude na aula

O número máximo de faltas admitido para ter dereito á avaliación continua será do 10% das horas do módulo, máis un 5% de faltas xustificadas.

Por ser materia principalmente práctica, a valoración principal será para os traballos realizados na aula, o que garante que se acaden as destrezas que implican as capacidades terminais e a unidade de competencia do módulo. Mais tamén poderá haber exames teóricos que serán de preguntas curtas ou de test sobre os contidos das unidades.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA VALORACIÓN POSITIVA

Recoñecer a terminoloxía básica das próteses.

Recoñecer a utilidade da prótese.

Explicar os distintos tipos de próteses.

Recoñecer e explicar a distribución e nome das distintas pezas dentarias, así como as súas caras.

Coñecer as diferentes partes dunha PPRM.

Recoñecer e explicar as diferentes tipos de ataches

As proteses producidas respectan as marxes orixinais da preparación.

O asentamento da protese no modelo debe ser o axeitado

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Terase en conta un tipo de avaliación continua, formativa e personalizada, que englobe os tres ámbitos do alumno: cognoscitivo, afectivo e psicomotriz, para o que valoraremos:

CONCEPTUAIS 10% Exames teóricos No caso de facer máis dun exame farase a media aritmética ou ponderada, segundo a importancia e/ou extensión da materia incluída en cada un deles, pero sempre que a nota de ditos exames, non sexa inferior a 5.

Para que o alumno poida alcanzar o aprobado, é dicir, para que a nota deste apartado poida sumarse á dos contidos procedementais, ha de ser como mínimo dun 5.

PROCEDEMENTAIS 90% serán as practicas que se fan ao longo de cada avaliación. Haverá un número mínimo de traballos , sin os cales non se acadará o APROBADO

Para que o alumno poida alcanzar o aprobado, é dicir, para que a nota deste apartado poida sumarse á dos contidos conceptuais, ha de ser como mínimo dun 5.

As prácticas explicaranse o día que se indique na clase. Posteriormente, se o alumno/a non veu o día indicado non se volverán a explicar na clase, salvo resolver dúbidas.

Neste apartado terase en conta aparte da calidade e cantidade do traballo práctico, o uso do material, a limpeza do posto de traballo, e o compromiso de ter recollida e limpa a aula.

Cun prazo mínimo de 15 días antes da data de avaliación indicárase a cantidade mínima de traballos a realizar para aprobar.

Todos os traballos se farán na aula. Agás casos excepcionais que o prof.o permita por consideración xustificada.

Os traballos finais serán feitos na súa integridade polos alumnos, e presentaranos para a súa valoración cando os consideren rematados. Se hai algo que rectificar o profesor así llo indicará, para que sexa modificado.

Cálculo da nota final:

Dado que nos ciclos non poden poñerse notas con decimais, cando os resultados sexan superiores ou iguais a 0,5 aproximarase ó número seguinte, por exemplo 7,5=8. Cando sexa inferior a 0,5, aproximarase ó número anterior, por exemplo 7,4=7. Isto farase en cada avaliación e na nota final.

Poderá subirse a nota, ata o máximo de un punto, a aqueles alumnos/as que destaquen polo seu talento e polas súas habilidades.

De acordo cos resultados obtidos en cada avaliación, faranse recuperacións referidas a contidos básicos, pero sen rebaixar os obxectivos propostos.

Todos os datos resultantes da avaliación rexistraranse no caderno do profesor, a modo de fichas individuais de seguimento, anotando os progresos realizados en cada ámbito.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación directa do alumno.

Control e rexistro dos progresos académicos.

Revisión dos seus traballos anotando as fases feitas, e puntuándoos ao final de cada un.

Entrevistas individuais para obter información sobre aspectos concretos.

Exames teóricos e prácticos.

Os exames teóricos ensinaranse aos alumnos corrixidos e cualificados e quedarán arquivados en poder do profesor.

Os traballos prácticos deberán de entregarse nas datas fixadas, serán devoltos coas correccións oportunas e na súa valoración ademais do resultado terase en conta a contribución persoal ao mesmo ao longo do curso.

Ao final de curso todos os traballos realizados correspondentes a exames prácticos quedarán en poder do profesor.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aos alumnos que chegado o remate do curso non acaden avaliación positiva, faráselles un exame final, con parte teórica que estudarán pola súa conta, podendo preguntar dúbidas en calquera momento e unha parte práctica pertencente a unha ou máis UD.

Se non superaron algún traballo ou actividade da que dependera a consecución da UD, deberán ser repetidas ata que estén correctas.

Sempre, para acadar a recuperación da materia non superada téñense que acadar valores mínimos de 5pts.tanto na fase teórica como na práctica.

As actividades de recuperación faranse nos periodos que marque a lexislación.

Segundo o artigo 31 da Orde do 12 de xullo do 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15 xullo 2011), para o alumnado de 2º curso do réxime ordinario pto.. 4., alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos con perda de dereito a avaliación continua teran que facer unha proba extraordinaria ó remate da segunda avaliación dividido en dúas partes:

Proba teórica 50%

Para que o alumno poida alcanzar o aprobado, é dicir, para que a nota deste apartado poida sumarse á nota da proba práctica, ha de ser como mínimo dun 5.

Proba práctica 50%

Para que o alumno poida alcanzar o aprobado, é dicir, para que a nota deste apartado poida sumarse á nota da proba teórica, ha de ser como mínimo dun 5.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENER UNHA VALORACIÓN POSITIVA:

Execución de un PDF de cada unha das unidades didácticas desenroladas durante o período lectivo.

Recoñecer a terminoloxía básica das próteses.

Recoñecer a utilidade da prótese.

Explicar os distintos tipos de próteses.

Recoñecer e explicar a distribución e nome das distintas pezas dentarias, así como as súas caras.

As falsas enxivas copian exactamente a anatomía da impresión.

Os contidos específicos do módulo.

A primeira parte da proba consiste nun exame teórico-escrito, que permita os alumnos elaboralas súas respostas de acordo cos seus coñecementos, podendo comprobar directamente a calidade, profundidade e dominio termolóxico.

O exame teórico-escrito consistirá nun conxunto de ítems de enunciado breve ós que lle sigue unha ou máis respostas presentadas a modo de alternativas. Nalgúns casos debe responderse cunha frase curta, unha palabra, unha cifra, etc. Polo tanto, realizarase en forma de probas obxetivas cuíñas preguntas serán:

-De evocación:

Resposta breve

Complementación

Texto incompleto

Graficas

-De discriminación:

Dúas opcións

Opcións múltiples

Xustificación da opción

-De recoñecemento:

Selección múltiple

Elección da mellor resposta

-De identificación:

Ordenación

Localización

-De probas múltiples.

A segunda parte da proba consiste nun exame practico cuxo contido poderá consistir en:

-Probas practicas:

Exercicios prácticos partindo dunha situación real a fin de solucionar situacións aplicando os contidos do modulo.

-Cumprimentar fichas técnicas ou documentos relacionados cos contidos do modulo.

-Valoraranse a destreza no uso do material e maquinaria, maila limpeza no posto de traballo.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será continuo e será documentada por cada docente no modelo Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente nas que se presentará o devandito documento.

No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e deixarase o correspondente modelo de Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) anexo o acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.75.PRO.04) na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolléranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritibles do currículo, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, de concreción e desenvolvemento individualizado trala detección das dificultades do alumno/a; podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo.

Entre eses criterios, resaltamos:

- ¿ Favorecer ao acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.
- ¿ Indicar os obxectivos e contidos básicos do módulo que se deben de acadar.
- ¿ Propoñer actividades alternativas con distinto grao de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o/a alumno/a.
- ¿ Traballar con distintos agrupamentos de alumnos para favorecer a súa participación, os traballos das actividades propostas e a axuda que poidan brindar outros compañeiros/as.
- ¿ Buscar materiais alternativos acordes coas necesidades do alumno/a.
- ¿ Realizar unha colocación máis favorecedora para o alumno/a para o seguimento das dinámicas da clase.
- ¿ Aportar instrucións máis detalladas ou diversas para abordar exercicios, traballos, actividades e probas.

Flexibilizar, na medida do posible, os tempos necesarios para a realización das probas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Favorecer a igualdade entre homes e mulleres, así como a integración de alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e colaborativas, non só transmisivas. Fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visitas a feiras dentales de España e Portugal.

Demostracións de novas tecnoloxías aplicadas á Protese dental

Colaboracións co "Colexio Oficial de Protésicos Dentais"

Colaboracións con empresas do sector.

Visita ao centro de fresado en Ourense

Interrelación cos odontólogos na transferencia das necesidades compartidas, coloquios ou videoconferencias.

10. Outros apartados

10.1) slrtnjwori

po8ujvcn